



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

Exp. 2025/C003/000002

DECRETO

ASUNTO: AMPLIACIÓN PRAZOS LICITACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "RENOVACIÓN DE CAPA DE RODADURA E SINALIZACIÓN VIARIA NA ESTRADA MUNICIPAL DO NÚCLEO RURAL DE CASTRO AO NÚCLEO RURAL DA BRAÑA" COAS 022025 (POS+2023).

EXPEDIENTE: 2025/C003/000002

ANTECEDENTES:

Visto o decreto nº 79/2025 de 20 de Marzo de 2025 de inicio do expediente de contratación da obra "Renovación de capa de rodadura e sinalización viaria na estrada municipal do núcleo rural de Castro ao núcleo rural da Braña" (POS+2023) COAS 022025.

Visto o decreto nº 98/2025 de 08 de abril de 2025 de aprobación do expediente de contratación e dos PCAP da obra "Renovación de capa de rodadura e sinalización viaria na estrada municipal do núcleo rural de Castro ao núcleo rural da Braña" (POS+2023) COAS 022025.

Visto que o 09 de abril de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o Anuncio de Licitación e Pregos do contrato de "Renovación de capa de rodadura e sinalización viaria na estrada municipal do núcleo rural de Castro ao núcleo rural da Braña" (POS+2023) COAS 022025, abríndose o procedemento licitación para a presentación de ofertas polos interesados.

Visto que o prazo de presentación de ofertas, de conformidade co anuncio de licitación remata o 29 de abril do 2025 as 23:59 Hrs.

Visto o apagamento xeral do subministro eléctrico, acontecido o día 28 de abril do 2025, a nivel de toda España e que aínda a día de hoxe seguen persistindo os problemas de conexión con internet e cos certificados electrónicos.

Visto que a Plataforma de Contratación do Estado publicou un aviso que por causas alleas á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, o servizo @firma prestado por terceiros non está dispoñible nestes momentos, o que pode afectar a determinadas funcionalidades da PLACSP, como a autenticación de usuarios de organismos públicos mediante certificado electrónico ou a validación dos certificados á hora de abrir sobres electrónicos.

Visto que na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 32.4 dinos que cando unha incidencia técnica haxa imposibilitado o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMERO.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas na licitación da obra "Renovación de capa de rodadura e sinalización viaria na estrada municipal do núcleo rural de Castro ao núcleo rural da Braña" (POS+2023) COAS 022025, sendo o novo prazo de fin de presentación de ofertas o **02 de maio de 2025 as 23:59 Hrs.**



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org//](http://www.concellodezas.org//)

Exp. 2025/C003/000002

SEGUNDO.- Publicar o presente Decreto no Perfil del Contratante do órgano de contratación correspondente para o seu coñecemento xeral e na sede electrónica do Concello.

En Zas,

Dou fe.

O ALCALDE

Manuel Muíño Espasandín

A SECRETARIA

Isabel Outeiriño Sánchez